

PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ONG DE VOLUNTARIADO ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA, PARA PRESTACIÓN DE CLASES DE APOIO ÁS PERSOAS MENORES DO CENTRO "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): RCNCG6E8GHBPGEQT



PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ONG DE VOLUNTARIADO ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA, PARA PRESTACIÓN DE CLASES DE APOIO ÁS PERSOAS MENORES DO CENTRO "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Pontevedra, na data da sinatura dixital

Reunidos

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Don Luis López Diéguez, actuando no nome e representación desa institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E doutra, Dona Teresa Martínez Díaz, actuando en representación da ONG Acción Solidaria de Galicia, de agora en diante ASDEGAL, a cal carece de fins de lucro, inscrita no Rexistro Autonómico da Xunta de Galicia co número 2009/13047-1, e con domicilio fiscal na rúa Areal nº 140, 2º C - 36201 Vigo, e con C.I.F. G 27 727 593.

Expoñen

I.- Que o 1 de outubro de 2024, o presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Don Luis López Diéguez, actuando no nome e representación desa institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e Dona Teresa Martínez Díaz, actuando en representación da ONG Acción Solidaria de Galicia, de agora en diante ASDEGAL, asinaron un *Convenio de colaboración para a prestación de clases de apoio ás persoas menores do Centro "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" da Deputación de Pontevedra*.

II.- Que o interese no reforzo da ensinanza en menores usuarios e usuarias nas dependencias do Centro Príncipe Felipe a través de clases de apoio escolar, a cal motivou o asinamento do convenio, mantén a súa vixencia para o curso escolar 2025/2026.

III.- Que a cláusula novena do convenio, prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso, a duración máxima das prórrogas que se acorden será de catro anos, de acordo co establecido no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): RCNCG6E8GHBPGEQT



Na súa virtude, e co obxectivo de garantir a continuidade da actividade de reforzo escolar en nos centros de acollemento do Centro Príncipe Felipe, a Deputación de Pontevedra e a entidade ASDEGAL, a través dos seus representantes, acordan a sinatura da primeira prórroga do convenio de colaboración, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Prorrogar para o curso 2025/2026 o convenio de colaboración asinado o 1 de outubro de 2024, para a prestación de clases de apoio ás persoas menores do Centro “Ciudad Infantil Príncipe Felipe” da Deputación de Pontevedra”.

A primeira prórroga establécese cunha vixencia para o curso escolar 2025/2026.

Segunda.- O réxime de publicidade da primeira prórroga será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da prórroga leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Terceira.- A sinatura da primeira prórroga non implica ningunha contraprestación económica entre as partes asinantes, rexéndose polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de primeira prórroga do convenio de colaboración para o curso 2025/2026, no lugar e na data da sinatura dixital.

O presidente da Deputación
Provincial de Pontevedra,

Luis López Diéguez
(*asinado dixitalmente*)

A presidenta da ONG, Acción
Solidaria de Galicia

Teresa Martínez Díaz
(*asinado dixitalmente*)

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): RCNCG6E8GHBPGEQT

